

**XUNTA DE GOBERNO**  
**Sesión do día 5 de decembro de 2024**  
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta minutos do día cinco de decembro do ano dous mil vinte e catro, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, Luisa María Sánchez Méndez, Roberto José Álvarez Carrero, María Nava Castro Domínguez, Jorge Cubela López, Belén Cachafeiro Anta, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral, e está presente a Interventora Acctal., Susana Escaloni Varela.

Non asiste o deputado *Rafael Domínguez Artime*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes a deputada *María Isabel Couselo Torres* e os deputados *Marcos Guisasa Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia énrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.34439.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 29 de novembro de 2024.

2.34440.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE SANXENXO PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO “MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 9208 NOALLA-AIOS, DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 0+960 (SANXENXO)”(Expte. 2024068610)

Antecedentes.

1.Proxecto.

A Corporación e a Xunta de Goberno provinciais, no marco do exercicio das súas competencias propias en relación coas infraestruturas e vías provinciais, coa planificación do territorio aprobaron varios instrumentos para a promoción dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e da Axenda 2030, tales como a Ordenanza de Seguridade Viaria, o Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais, o Plan Móvese, a Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable.



O servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, dentro dos seus obxectivos ten dar impulso a recuperación de espazos públicos, accesibilidade, mobilidade e seguridade viaria.

Por este motivo, lévanse a cabo obras coa intención de aumentar a seguridade viaria en toda a rede de estradas provinciais, co fin de facer unha replanificación profunda e conceptual das actuacións en materia de mobilidade, con especial prioridade a protección dos colectivos con máis vulnerabilidade, peóns, ciclistas e persoas con mobilidade reducida.

A Deputación de Pontevedra é titular da estrada provincial EP-9208 Noalla-Aios.

Nesta liña de traballo, a Deputación de Pontevedra decide promover o proxecto de “*Mellora da mobilidade peonil na E.P. 9208 Noalla-Aios, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 0+960 (Sanxenxo)*”, no termo municipal de Sanxenxo.

O proxecto desenvólvese na súa integridade no Concello de Sanxenxo, sendo o obxecto principal a mellora das condicións de seguridade e mobilidade para os peóns, mediante a construción dun itinerario peonil entre o P.Q. 0+000 e o 0+960 da citada estrada provincial.

O orzamento total previsto das obra é o seguinte:

Presuposto base de licitación	982.296,63 €
IVE %	206.282,29 €
Presuposto base de licitación con IVE	1.188.578,92 €

## 2.- Aprobación municipal.

Consta no expediente:

- Certificado da resolución na que se aproba o Convenio polo Concello (CSV: 9N7CGLFPYHXHXWCNMGA7JLNL5)
- Certificación da posta a disposición da Deputación dos terreos de titularidade municipal (CSV: 7KQ7SR4MHP3C69KAS6F794RSR)

## 3.- Informes de supervisión e autorizacións sectoriais.

Constan no expediente:

- Proxecto supervisado pola Xefatura dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais (Proxecto CSV: 7UG0F5UNDD28GKAC) e informe de supervisión (CSV: AYN464FB9C6NRQCQ).
- Informe de xustificación das porcentaxes de financiación incluídas no convenio e do grado de prioridade da actuación, (CSV: A57XJS0ACCBUW8XJ).
- Informe de Secretaría (CSV: NDD40Z467XOYSTV1).
- Informe de Intervención (CSV: O9NUSHZDNIK6FBWN)



## Consideracións.

### 1ª Normativa aplicable.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRJSP).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local (LBRL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Bases de execución do orzamento provincial.

### 2ª Cooperación entre as administracións públicas.

A cooperación entre administracións como principio reitor da actuación e das relacións das distintas administrativas recóllese no artigo 103.1 da Constitución. Así o tribunal Supremo (sentenza 9 de marzo de 2011, rec.3037/2008) ten sinalado que o marco competencial deseñado pola Constitución determina a coexistencia de títulos competenciais con incidencia nun mesmo espazo físico, polo que é imprescindible o desenvolvemento de técnicas de coordinación, colaboración e cooperación administrativa.

No 3.1.k) da LRJSP recóllese o principio de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas. No artigo 140.1 sinálase que as diferentes administracións públicas actúan e relaciónanse con outras Administracións e entidades ou organismos vinculados ou dependentes destas de acordo, entre outros principios, co sinalados na letra d):

*“Cooperación, cando dúas ou máis Administracións Públicas, de maneira voluntaria e en exercicio das súas competencias, asumen compromisos específicos en aras dunha acción común”.*

De acordo cos art. 57 da LBRL e 198 e seguintes da LALGA, a cooperación pódese instrumentalizar por medio da subscripción de convenios definidos no art. 47 da LRXSP dando carta de natureza ao Ditame 878, de 30 de novembro de 2010, do Tribunal de Cuentas recomendando concretar o marco legal e tipoloxías dos convenios.

O artigo 111 do TRRL recolle o principio de liberdade de pactos e condicións sempre que non sexan contrarios ao interese público, ao ordenamento xurídico ou aos principios de boa administración.

### 3ª Contido.

En relación ao contido mínimo esixido polo artigo 49 da LRXSP o convenio obxecto deste informe recolle:

- a) Suxeitos que asinan o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.
- b) A competencia na que se fundamenta a actuación da Administración Pública.
- c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando a titularidade dos resultados obtidos.
- d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, indicando a súa distribución temporal por anualidades.
- e) Consecuencias aplicables en caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos.



- f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.
- g) O réxime de modificación.
- h) Prazo de vixencia de acordo coas regras establecidas no mesmo artigo 49.
- i) Facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación da achega do Concello.

#### 4ª Financiamento.

As obras serán financiados pola Deputación de Pontevedra e Concello de Sanxenxo mediante a achega das cantidades relacionadas de seguído:

Organismo	Achega	%
Deputación de Pontevedra	950.863,14 €	80
Concello de Sanxenxo	237.715,78 €	20
Total obras	1.188.578,92 €	100

A Deputación financiará a súa achega con cargo á aplicación 24/456.4530.612.02 do vixente Orzamento Provincial do ano 2024.

A achega do Concello de Sanxenxo será de 237.715,78 € (20% do importe das obras), pola que se xerará crédito na correspondente aplicación orzamentaria, se realizará mediante compromiso de consignación no respectivo orzamento co medio de financiamento que se considere máis axeitado á situación financeira do Concello.

De selo caso de que se financie a cargo da subvención do Plan +Provincia, xerárase crédito na aplicación orzamentaria que corresponda. O importe do financiamento con cargo a esta subvención está condicionado á aprobación do plan pola Deputación e por contía suficiente correspondente ao Concello de Sanxenxo.

De conformidade co disposto no artigo 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), unha vez aprobado o Convenio, e antes de aprobar o expediente de contratación correspondente, acreditarase a plena dispoñibilidade de todas as achegas que financian o investimento.

Os demais gastos derivados da actuación obxecto do presente convenio, tales como os contratos de servizo accesorios para a dirección control e seguimento da execución de obras, recuamento de servizos ou o control arqueolóxico da mesma, serán financiados pola Deputación de Pontevedra.

#### 5ª Órgano competente para a aprobación.

Por aplicación do disposto no artigo 47.2.h) da LRBRL, os convenios que teñan por obxecto a transferencia de funcións ou actividades a outras Administracións Públicas, así como a aceptación das delegacións ou encomendas de xestión realizadas por outras Administracións, salvo que por Lei se impoñan obrigatoriamente, deben ser aprobados polo Pleno con quórum de maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.



Con respecto da transferencia de vías, o artigo 33 2 ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2 ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Polo que atinxe ao cambio de titularidade dos vías, na cláusula quinta. 5 da proposta de convenio recóllese exclusivamente que a aprobación do convenio por parte do Concello ten o carácter de solicitude de cambio de titularidade.

Atendendo ao obxecto do convenio e ao constante criterio con respecto á aprobación de propostas de convenios de colaboración Deputación/Concellos de contido análogo, logo dos informes favorables da Secretaría e da Intervención, ao non se tratar de transferencia de funcións ou de actividades, o órgano competente para a aprobación é a Xunta de Goberno.

O Convenio suscrito será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e Ordenanza de transparencia da Deputación publicada no BOPPO 18-03-2019 con indicación das partes asinantes, obxecto, duración e obrigas económicas.

Polo que respecta ao procedemento e sen prexuízo, e de selo o caso, da aprobación plenaria do cambio de titularidade de vías, aténdese á Instrución para a tramitación de convenios aprobada por Resolución Presidencial 20223001273 de 14 de febreiro de 2023 e de acordo coa mesma informase favorablemente a aprobación do convenio toda vez que:

- 1) A Deputación é competente para subscribir o convenio dado que se trata dunha actuación nunha vía provincial e tamén se repoñen servizos municipais no ámbito da actuación.
- 2) O contido do convenio é acorde co disposto no artigo 49 da LRJSP.
- 3) O financiamento determinouse logo de informe dos Servizos Técnicos en aplicación do Decálogo de Criterios de Actuacións nas Estradas Provinciais aprobado polo Pleno da Deputación. Logo do informe da Intervención Xeral.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobado o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Sanxenxo que figura co seguinte CSV: IYLE9ASXPES6X3BQ.

Segundo.- Facultar ao presidente para a formalización do convenio transcrito mediante a súa sinatura.

Terceiro.- O convenio será posto a disposición dos cidadáns no Portal de Transparencia en aplicación do disposto na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno – artigo 8.1.b)–, e na Ordenanza de transparencia e acceso á información pública da Deputación de Pontevedra publicada no BOPPO de 18 de marzo de 2019.



3.34441.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E A ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO RURAL TERRAS DE PONTEVEDRA NORTE, PARA LEVAR A CABO AS ACTUACIÓN S 7 E 9 “IMPLANTACIÓN DUNHA PLATAFORMA TURÍSTICA “SMARTGUIDE” PARA AS COMARCAS DE DEZA E TABELIRÓS-TERRA DE MONTES, NO MARCO DO PRTR COMPONENTE 14 – PLAN DE SOSTENIBILIDADE TURÍSTICA EN DESTINO DEZA- TABELIRÓS- TERRA DE MONTES. OS CAMIÑOS POR DENTRO”, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU (Expte 2024062400)

#### ANTECEDENTES DE FEITO

O Consello Europeo aprobou o 21 de xuño de 2020 a creación do programa “NextGeneration EU” dotado con 750.000 millóns de euros, un instrumento de estímulo económico en resposta á crise causada polo coronavirus, desenvolto conforme ao Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR) regulado no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, que constitúe o núcleo deste Fondo de Recuperación.

A súa finalidade é apoiar o investimento e as reformas dos Estados membros para lograr unha recuperación sostible e resiliente, á vez que se promovan as prioridades ecolóxicas e dixitais da Unión Europea. Ten catro obxectivos principais: promover a cohesión económica, social e territorial da UE; fortalecer a resiliencia e a capacidade de axuste dos Estados membros; mitigar as repercusións sociais e económicas da crise do COVID-19; e apoiar a transición ecolóxica e dixital.

Para alcanzar os referidos obxectivos cada Estado membro deseñou un Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia que inclúe as reformas e investimentos necesarias para cumprir cos obxectivos do citado Plan.

No caso de España a Resolución do 29 de abril de 2021, da Subsecretaría do Ministerio de Asuntos Económico e Transformación Dixital, dá publicidade ao Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que define as estratexias para seguir no desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación.

Os investimentos do citado Plan de España canalízanse a través de distintos instrumentos como son as convocatorias que, respectando o marco competencial, levarán a cabo polos ministerios, empresas públicas estatais ou polas propias comunidades autónomas.

A Deputación de Pontevedra, coñecedora deste escenario, veu traballando en distintas actuacións para poder optar ás distintas convocatorias dentro do seu ámbito competencial.



## NORMATIVA APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases del Réxime Local.
- R.D. 2568/86, do 18 de novembro, polo que se aproba el Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación ás competencias de xestión do gasto.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS) e Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- E demais lexislación concordante de aplicación.

Así mesmo, tratándose dun proxecto cofinanciado polo Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia atenderase á seguinte normativa:

- Real Decreto 1073/2021, de 7 de decembro, polo que se regula a concesión directa de subvencións destinadas á financiación do Plan Nacional de Sostibilidade Turística en Destinos Xacobeo 2021, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Real Decreto 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, polo que se configura o sistema de xestión del Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro polo que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos de execución orzamentaria e contable das medidas do compoñente do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
- Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, de 14 de decembre de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19, e regulado segundo o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021.
- Resolución de 23 de decembre de 2021, da Secretaría de Estado de Turismo, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Turismo, polo que se fixan los criterios de distribución, así como o reparto resultante para as comunidades autónomas, do crédito destinado ó financiamento de actuacións de inversión por parte de entidades locais no marco do Compoñente 14 Inversión 1 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.



## FUNDAMENTOS XURÍDICOS E TRATAMENTO TÉCNICO

PRIMEIRO. -A Conferencia Sectorial de Turismo, na súa reunión do día 28 de xullo de 2021, #de acordo con o previsto na orde do día, ratificou a aprobación da Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destino, marco do Programa de Sustentabilidade Turística en Destinos. A Estratexia se instrumenta ao redor de Programas de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos nos que participan os tres niveles de administracións turísticas; Administración Xeral do Estado, comunidades ou cidades autónomas e entidades locais.

SEGUNDO. A súa aprobación permitiu o inicio da convocatoria correspondente ao exercicio 2021 do Programa Extraordinario de Sustentabilidade Turística en Destinos 2021-2023, dirixida a entidades locais, no contexto da submedida 2 do investimento 1 do Plan de Modernización e Competitividade do Sector Turístico, compoñente 14 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (en diante, PRTR). No Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), e como parte do Compoñente 14, incluíuse a liña de investimento de Transformación do modelo turístico cara á sustentabilidade, que inclúe o Programa de Plans de Sustentabilidade Turística en Destinos como submedida 2 do investimento 1 (C14.I1), en tanto que mecanismo de actuación cooperada entre os tres niveles da Administración. Este programa financia proxectos cuxos créditos serán obxecto de territorialización. Ademais, con base na Estratexia de Sustentabilidade Turística en Destinos, fixa as condicións de participación das comunidades autónomas e as entidades locais, os ámbitos de aplicación, os limiares mínimos de investimento, o procedemento de presentación das propostas e as regras para a súa aprobación, execución e xustificación.

En consecuencia, a Deputación de Pontevedra mediante un proceso participativo e de colaboración entre as administracións públicas competentes e os diferentes actores públicos e privados do ecosistema turístico do destino presentou o 15 de setembro de 2021 o proxecto “DEZA TABEIRÓS, VOS CAMIÑOS POR DENTRO”

O citado proxecto ten as seguintes características:

Obxectivo xeral: Impulsar a transformación do sector turístico das comarcas e orientalo a un modelo de ecoturismo do Camiño e a unha experiencia memorable para os viaxeiros. Así, no marco do Plan Nacional Turístico Xacobeo 21-22, a transformación do modelo turístico en Deza e Tabeirós-Terra de Montes basearase en potenciar os recursos naturais e culturais do territorio coa finalidade de estruturar unha oferta atractiva e singular ao redor dos valores naturais e patrimoniais nos camiños xacobeos da comarca, que garanta unha máis alta permanencia do viaxeiro e unha mellora na calidade da experiencia. O plan prevé transformar o destino, cun maior aproveitamento dos recursos do territorio, a mellora das infraestruturas e a activación de novas iniciativas que garantan a posta en valor dos camiños xacobeos para os peregrinos, pero que tamén se convertan no fío condutor de produtos e actividades orientadas para calquera viaxeiro interesado co ecoturismo e nunha experiencia de achegamento á identidade do territorio.

Duración e prazo de desenvolvemento do programa: desde o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de outubro de 2025.





Ámbito de actuación do proxecto: Os concellos de Agolada, Dozón, Lalín, Rodeiro, Silleda e Vila de Cruces na comarca de Deza e os da Estrada e Forcarei na comarca Tabeirós-Terra de Montes.

Actuacións:

Actuación
ACT001. Ecoruta Galicia por dentro
ACT002. Áreas de refuxio do peregrino
ACT003. Posta en valor del recurso ecosistémico de la Rapa das Bestas
ACT004. Intervencións de mellora da camiñabilidade da Vía da Prata
ACT005. Instalación de puntos de recarga de vehículos eléctricos
ACT006. A peribici. Mobilidade sostible nos Camiños Deza - Tabeirós Montes
ACT007. Sinalización turística intelixente e Smartguide dos recursos vinculados ós Camiños de Santiago
ACT008. Museografía dixital dos mosteiros de Carboeiro e Aciveiro e experiencia dixital Rapa das Bestas
ACT009. Comunicación dixital camiño da Geira e dos Arrieros e Miñoto Ribeiro
ACT010. Plan de marketing dixital, central de reservas e promoción do destino
ACT011. Plan de formación sectorial
ACT012. Singularización dos Camiños de Santiago e impulso ó recoñecemento oficial
ACT013. Mesa de Turismo Sostible e Pacto Local
ACT014. Apoio ó ente xestor: coordinación avaliación e seguimento

Financiamento: 100% o Ministerio.

Orzamento financiable: 2.069.000,00 €

Subvención proposta: 2.069.000,00 €

TERCEIRO. - O 8 de decembro de 2021 publícase no BOP o real decreto 1073/2021 do 7 de decembro polo que regula a concesión directa de subvencións destinadas ao financiamento do Plan Nacional de Sustentabilidade turística en Destinos Xacobeo 2021, no marco do Plan Nacional de Recuperación, transformación e Resiliencia.

CUARTO. No artigo 4 de Entidades beneficiarias sinala entre outras á Deputación de Pontevedra, e en articulo 7 referido ás contías e financiamento detalla a dotación financeira total para a Deputación de Pontevedra en 2.069.000,00 €.



QUINTO.- Que a Asociación de desenvolvemento Rural Terras de Pontevedra Norte mostrou o seu compromiso de participar no proxecto no proceso participativo levado a cabo para a redacción do plan de sustentabilidade turística, priorizando nese momento unha selección de actuacións dentro do proxecto para implementar dentro da súa capacidade e funcións asignadas.

O artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, segundo a redacción da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas de modernización do Goberno Local, atribúe ás deputacións competencia en materia da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, #de acordo con as competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.

Doutra banda, as asociacións como os GDR son os axentes protagonistas e, por tanto, partícipes fundamentais na decisión, o deseño e o impulso da acción promocional do xeodestino; á vez que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolven políticas, plans e actuacións que faciliten que os municipios e a cidadanía poidan alcanzar os mesmos dereitos e servizos.

SEXTO. - Para a execución das actuacións do proxecto é necesario articular as bases de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e a Asociación mediante un convenio que constitúe o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os art. 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, 57 da LRBRL e 198 e seguintes da LALGA.

En consecuencia, o obxecto de convenio é articular ditas bases para a execución de actuacións seleccionadas pola asociación no ámbito das súas competencias dentro do marco do citado proxecto.

SEPTIMO.- Especificase no convenio, entre outras cláusulas, as características e requisitos da actuación no referido á implantación dunha plataforma turística Smartguide, o importe e financiamento, os compromisos das partes, vixencia do convenio e a súa extinción, contendo, polo menos, o contido establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo acompáñase da correspondente memoria xustificativa onde se analizan todos os aspectos aos que se refire o artigo 50.1 da citada Lei.

Polo anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Asociación de desenvolvemento Rural Terras de Pontevedra Norte para levar a cabo a actuación “**IMPLANTACIÓN DUNHA PLATAFORMA TURÍSTICA “SMARTGUIDE” PARA AS COMARCAS DE DEZA E TABELIRÓS-TERRA DE MONTES**”, no marco do Plan de Sustentabilidade Turística Os Camiños por Dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU que figura co CSV: CAQ9BYI6WD2N00K6.



4.34442.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA “CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN FINS DE LUCRO PARA O FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO PARA O ANO 2025”. (Expte.2024068785)

A Deputación de Pontevedra, no marco das súas competencias, considera necesario dar apoio, colaboración e participación ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro que desenvolven proxectos, programas e actividades centrados en conseguir a igualdade entre mulleres e homes e loitar contra a violencia machista na provincia de Pontevedra. Para levar a cabo esta liña de subvencións, o Servizo de Igualdade elaborou unhas bases que regulan a concesión de axudas que van destinadas ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro que estean inscritas na área de Igualdade do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia e, teñan razón social ou delegación na provincia de Pontevedra.

Resultando que con data do 24 de outubro de 2024 (CSV: A1V6GNQDHFV9EC6VZ) a Secretaría emite informe segundo consta no expediente, sobre as bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen fins de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o ano 2025.

Resultando que con data do 19 de novembro de 2024 (CSV: VDYN9D7RGOE2Y3EL) Intervención emite informe sobre a tramitación do expediente para a aprobación de ditas bases, indicando que o importe desta liña de subvencións, que ascende a 200.000,00 €, se afrontará con cargo á aplicación 25/250.2315.480.01, quedando condicionada a aprobación destas bases á aprobación definitiva do orzamento do ano 2025 e a existencia de crédito adecuado e suficiente en dita aplicación orzamentaria, ao tratarse dunha tramitación anticipada.

Considerando que o órgano competente para a aprobación destas bases, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado nas bases de execución do orzamento provincial.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar as “*Bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro para o fomento da igualdade de oportunidades e a loita contra a violencia de xénero para o exercicio 2025*”, quedando esta aprobación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento deste organismo provincial para o ano 2025.

Estas bases figuran no expediente co CSV- 2NP7H8ZIEI1V5PK1.



5.34443.- CONCESIÓN DE SUBVENCIONES A “CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NAS MODALIDADES NÁUTICAS DE PIRAGÜISMO, REMO E VELA QUE PARTICIPEN EN COMPETICIONS OFICIAIS NO ANO 2024”. (Expte.2024024463)

Primeiro. A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 07 de xuño de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo de aprobación das bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra nas modalidades náuticas de piragüismo, remo e vela que participen en competicións oficiais no ano 2024, cun financiamento de 500.000,00 €.

Segundo. Con data 12 de xuño de 2024 procédese á publicación das bases anteriormente sinaladas no BOPPO (núm. 114), establecéndose un prazo de vinte (20) días hábiles para a presentación de solicitudes.

Terceiro. Con data 4 de novembro de 2024 emítase informe-proposta por parte da instrución do procedemento, no que se fai constar a relación de entidades beneficiarias así como aquelas que deben ser desestimadas e trala reunión da comisión de avaliación nomeada ao efecto na mesma data.

Cuarto. Con data 13 de novembro de 2024 a xefatura do servizo de Deportes formula a proposta de resolución provisional das subvencións obxecto do presente procedemento. Por outra banda, con data 27 do mesmo mes efectúase a proposta de resolución definitiva.

Quinto. En data 28 de novembro fiscalízase de xeito favorable o expediente pola Intervención da Deputación.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 109.1.d).
- Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.



Segundo. O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro. No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto. En canto á competencia para a aprobación das presentes axudas de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra nas modalidades náuticas de piragüismo, remo e vela que participen en competicións oficiais no ano 2024, polos importes que se indican nas relacións que figuran no expediente para ámbito náutico de piragüismo (CSV: OS7X61HPNDPK7IWG), de remo (CSV: OVYJ4XYOPZL0CIK7) e vela (CSV:OLVLF1KC652XVNHD), con cargo á aplicación 24/340.3410.489.22 do Orzamento da Deputación para o ano 2024 por un importe total de cincocentos mil (500.000,00) euros e repartidos da seguinte maneira por modalidade, 280.000,00 € para piragüismo, 145.000,00 € para remo e 75.000,00 € para vela.

Segundo.- Excluir deste programa unha única solicitude por non estar ao corrente coas obrigas tributarias, relacionada no expediente co CSV: LFZ0DBLNL4XV8JZF.



6.34444.- APROBAR A CONCESIÓN A DE SUBVENCIÓN A CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA QUE PARTICIPAN EN COMPETICIÓN FEDERADAS DE ÁMBITO INFERIOR A ESTATAL PARA O ANO 2024. (Exp. 2024024459)

Primeiro. A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 07 de xuño de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo de aprobación das bases reguladoras para a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións de ámbito interior a estatal para o ano 2024, cun financiamento de 650.000,00€.

Segundo. Con data 12 de xuño de 2024 procédese á publicación das bases anteriormente sinaladas no BOPPO (núm. 114), establecéndose un prazo de vinte (20) días hábiles para a presentación de solicitudes.

Terceiro. Con data 7 de novembro de 2024 emítase informe-proposta por parte da instrución do procedemento, no que se fai constar a relación de entidades beneficiarias así como aquelas que deben ser desestimadas e trala reunión da comisión de avaliación nomeada ao efecto na mesma data.

Cuarto. Con data 7 de novembro de 2024 a xefatura do servizo de Deportes formula a proposta de resolución provisional das subvencións obxecto do presente procedemento. Por outra banda, con data 29 do mesmo mes efectúase a proposta de resolución definitiva.

Quinto. En data 3 de decembro fiscalízase de xeito favorable o expediente pola Intervención da Deputación.

Fundamentos:

Primeiro.- Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LRL), art. 36.1.d).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA), art. 109.1.d).
- Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte.
- Lei 3/2012, do 2 de Abril, do deporte de Galicia
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia
- Ordenanza Xeral de Subvencións desta Deputación
- Bases de execución do orzamento, nos aspectos orzamentario e contable
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP)
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local



Segundo. O réxime de concorrencia competitiva constitúe, fronte ao de concesión directa, o réxime ou procedemento ordinario de concesión de subvencións ao que alude o artigo 22.1 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, así como o 19 da Lei Galega de subvencións sinalando que ostenta tal consideración aquel procedemento iniciado de oficio mediante o que a concesión das subvencións se leva a cabo a través da comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria e adxudicación, todo isto co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtivesen maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Terceiro. No ámbito propiamente competencial, o artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, reguladora do deporte de Galicia, establece como competencias das deputacións provinciais, nos termos da lexislación en materia de réxime local e da demais lexislación sectorial do Estado, entre outras, o exercicio do fomento, promoción e difusión do deporte así como como calquera outra actuación encamiñada ao beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial.

Asemade, o artigo 36 da Lei de bases do réxime local así como o 109 da Lei de administración local de Galicia tamén sinalan que son competencias das deputacións, en xeral, o fomento e administracións dos intereses peculiares da provincia.

Cuarto. En canto á competencia para a aprobación das presentes axudas de acordo co disposto no artigo 34 da Lei de bases do réxime local, así como o establecido na base 16 das de execución do orzamento provincial, correspóndelle á Xunta de Goberno.

En base ao anteriormente exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a concesión de subvencións a clubs deportivos da provincia de Pontevedra que participan en competicións federadas de ámbito inferior a estatal para o ano 2024, polos importes que se indican nas relacións que figuran no expediente para os clubs deportivos que participan en competicións de ámbito inferior a estatal (CSV: PG785EQK4920O5S) e os clubs que participan na competición de fútbol preferente Galicia grupo sur (CSV: VL155688WDZKPEU8) con cargo á aplicación 24/340.3410.489.23 do Orzamento da Deputación para o ano 2024 por un importe total de cincocentos mil (650.000,00) euros e repartidos da seguinte maneira, 600.000,00 € para clubs participan en competicións de ámbito inferior a estatal e 50.000,00 € para clubs que participan en competición de fútbol preferente Galicia grupo sur.

Segundo.- Excluir deste programa un total de 8 solicitudes, unha solicitude pola base novena (non estar ao corrente coas obrigacións tributarias), cinco solicitudes por estar tramitadas noutra convocatoria, e dúas solicitudes que presentan renuncia, relacionadas no expediente co CSV: 2DGZHVD7N2DUTHZS.



7.34445.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, DO “SERVIZO DE VISITAS TEATRALIZADAS PARA O CASTELO DE SOUTOMAIOR (SOUTOMAIOR, PONTEVEDRA) E DO CASTELO DE SOBROSO (MONDARIZ, PONTEVEDRA) DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Exppte.2024056663)

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra ostenta como competencia propia a de cooperación no fomento do desenvolvemento económico do territorio provincial, como sinala o art. 36.1.d da Lei de Bases de Réxime local, que contará coa participación dos axentes turísticos (públicos e privados) e a poboación local da provincia de Pontevedra.

Resultando.- Que a citada institución provincial ostenta a propiedade patrimonial do Castelo de Soutomaior dende o ano 1982, constituíndo este un dos principais recursos turísticos da provincia de Pontevedra e do destino Rías Baixas motivado, fundamentalmente, polo incremento do turismo cultural, o que trae aparexado o desenrolo dun novo concepto acorde coa evolución do mercado turístico, dos canles de comercialización e do comportamento do viaxeiro.

Este proceso require a adopción de medidas de xestión nos servizos que se prestan ou nas actividades que se realizan mediante a prestación de actividades, como son as visitas teatralizadas, as cales realizáronse nos últimos anos cunha gran acollida e demanda, polo que por estas razóns e as anteriormente comentadas se pretende continuar coa prestacións destes servizos no só no referido castelo, senón considerando tamén a súa posta en marcha no castelo de Sobroso, sito no municipio de Mondariz (Pontevedra).

Resultando.- Que o servizo de Turismo non conta cos medios materiais e humanos necesarios para realizar as prestacións obxecto do contrato como son as visitas teatralizadas, xa que se tratan de traballos que con levan un grao de cualificación e dedicación imposibles de garantir, xa que interveñen diversos profesionais, que en ocasións, dedícanse en exclusiva a estes servizos, esixindo un grao de especialización singular. Polo que, resulta necesaria a externalización da prestación do servizo de visitas teatralizadas, sinalando que as mesmas non teñen carácter continuo ao longo do ano.

Resultando.- Que en base ao exposto, con data 22 de agosto 2024 e CSV: 3Q5D4C7SBG540JPN, a xefa do servizo de Turismo Rías Baixas, emite providencia no que, co visto e praxe da deputada delegada, propón a contratación do *servizo de visitas teatralizadas para o Castelo de Soutomaior e do Castelo de Sobroso da Deputación de Pontevedra*, para a realización de ata un máximo de 55 visitas teatralizadas no castelo de Soutomaior e ata un máximo de 13 visitas teatralizadas no castelo de Sobroso. Xunto coa proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá esta contratación.

Resultando.- Que tendo en conta que o servizo de Contratación elabora o borrador do prego de cláusulas económico-administrativas particulares e solicita o preceptivo informe á Secretaría.





Resultando.- Que considerando o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 22 de outubro de 2024 e CSV: 4SOIZOKQVB7ZWDSZ.

Resultando.- Que con data 22 de novembro de 2024, a Intervención emite os documentos RCFUT1 nº 202400246783 por importe de 37.603,02 € e RCFUT1 nº 202400246784 por importe de 8.887,99 €, con cargo ás aplicacións orzamentarias 25/433.3360.226.09 e 25/433.3363.226.09, respectivamente, do orzamento provincial.

Resultando.- Que visto que, con data 27 de novembro de 2024 e CSV: 5YWKFNQYLB4LOX0, o servizo emite informe complementario mediante o que se introducen correccións na providencia de inicio.

Resultando.- Que visto que o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Resultando.- Que tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 28 de novembro de 2024 e CSV: NNMMC3LV0WTE6AJ, coas seguintes observacións e recomendacións:

*“Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliados mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben, sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.*

*A pesares de que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada criterio.”*

Resultando.- Que tendo en conta que, con data 28 de novembro de 2024, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato privado de servizos.

Como sinala o informe complementario, a referida contratación non se encadra no tipo previsto no artigo 312 LCSP, por tratarse a prestación do servizo obxecto do contrato unha actividade obxecto de pago, contemplada nas *Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa Por Prestación de Servizos no Castelo de Soutomaior (BOPPO número 160 do 21 de agosto de 2018)* e da *Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por prestación de servizos no Castelo de Sobroso (BOPPO número 226, de 23 de novembro de 2021)*.

O procedemento de adxudicación elixido é o procedemento aberto atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor calidade-prezo).



Considerando-. Que tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Considerando-. Que tendo en conta o disposto no artigo 131.2 LCSP, a adxudicación realizarase ordinariamente utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo e utilizando o procedemento aberto.

Considerando-. Que tendo en conta os artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante.

Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando-. Que tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2 a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do *Servizo de visitas teatralizadas para o Castelo de Soutomaior e do Castelo de Sobroso da Deputación de Pontevedra*, pola cantidade máxima de 46.491,01€ (IVE incluído), para un máximo de 55 visitas teatralizadas no castelo de Soutomaior e un máximo de 13 visitas teatralizadas no castelo de Sobroso, que se desagrega como segue:

Importe sen IVE	IVE(21%)	Importe total (co IVE)
38.422,32 €	8.068,69 €	46.491,01 €



O prezo unitario de licitación fixado, desagregado por castelos, é o seguinte:

Concepto	Unidades máximas estimadas	Prezo unitario de licitación (sen IVE)	IVE (21%)	Importe total de licitación (co IVE)
Visitas teatralizadas castelo Soutomaioir	55	565,03 €	118,66 €	683,69 €
Visitas teatralizadas castelo Sobroso	13	565,03 €	118,66 €	683,69 €

O valor estimado é de 153.689,28 €.

O prazo de duración será de 1 ANO, a contar dende a data de formalización do mesmo, debendo de finalizar en todo caso o día 31 de decembro de 2025. Os prazos de execución serán os seguintes:

- Primavera (entre marzo e xuño).
- Outono (entre outubro e novembro).
- Nadal (Decembro).

Prevense 3 prórrogas de 1 ano de duración cada unha, sendo os prazos de execución os fixados polo servizo de Turismo Rías Baixas, dentro dos mesmos períodos do ano considerados no contrato inicial.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: SIAH9HLSRF3VSQE9) e de prescricións técnicas (CSV: 19M3KJJ83U6K2YJU) que rexerán dita contratación.

3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 46.491,01 €, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias do orzamento provincial:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2025	25/433.3360.226.09	37.603,02 €
2025	25/433.3363.226.09	8.887,99 €

Dado que se trata dunha tramitación anticipada, os gastos que se deriven do presente contrato para o ano 2025 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente na/s correspondente/s aplicación/s orzamentaria/s así como á aprobación definitiva do respectivo orzamento provincial.

4.- Nomear responsable do contrato á xefa do servizo de Turismo Rías Baixas da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.



8.34446.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, DO “SERVIZO DE PREVENCIÓN E CONTROL DA LEXIONELOSIS NOS CENTROS E SERVIZOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte.2024044506)

Resultando.- Que a Deputación de Pontevedra precisa para o cumprimento dos seus fins contar cun conxunto de instalacións e dependencias nas que desenvolver a súa actividade, que deben ser obxecto de mantemento para garantir a súa seguridade e estado de uso.

A Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, ten entre os seus obxectivos establecer un nivel axeitado de protección de saúde das persoas traballadoras fronte os riscos derivados das condicións de traballo.

Nesta mesma liña, o Real Decreto 486/1997, de 14 de abril, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo, fixa e concreta os aspectos técnicos das medidas preventivas, entre as que se atopan as destinadas a garantir a seguridade e a saúde nos lugares de traballo, para evitar que o seu uso derive riscos ás persoas traballadoras.

Na prevención e control de enfermidades que se transmiten a través de instalacións nas que existe auga circulante, en concreto a lexielosis, é o Real Decreto 487/2022, de 21 de xuño, polo que se establecen os requisitos sanitarios para a prevención e o control da lexielosis, a que recolle a adopción de medidas sanitarias que han de adoptarse naquelas instalacións onde a bacteria legionella é capaz de proliferar. Esta disposición normativa foi modificada polo Real Decreto 614/20524, de 2 de xullo.

Resultando.- Que dado que a Deputación de Pontevedra non conta con suficiente persoal cualificado nin cos medios precisos para a axeitada prestación do servizo, faise necesario acudir a unha contratación externa que se encargue de executar o servizo nas condicións axeitadas dada conta da esixencia de habilitación profesional.

Resultando.- Que en base ao exposto, o xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, co visto e prace da deputada delegada propón, mediante providencia de inicio de data 23 de outubro de 2024 e CSV: A5FXZGVOQ5I4JP2U, a contratación do servizo de prevención e control da lexielosis nos centros e servizos da Deputación de Pontevedra. Xunto coa proposta, o servizo achega prego de prescricións técnicas.

Resultando.- Que visto que a Intervención, con data 6 de novembro de 2024, emite os seguintes documentos RCFUT1, polos importes e con cargo ás aplicación orzamentarias relacionados a continuación:

CENTRO XESTOR	NÚMERO DE OPERACIÓN	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE TOTAL IVE INCLUÍDO
CENTRO PRÍNCIPE FELIPE	202400231460	25/232.2312.227.99	11.047,30 €
XUVENTUDE E RETO DEMOGRÁFICO A LANZADA	202400231461	25/233.3370.227.99	2.783,00 €



MUSEO PROVINCIAL	202400231462	25/333.3330.227.99	1.669,80 €
MEDIO AMBIENTE FINCA MOURISCADE	202400231463	25/410.4120.227.99	2.117,50 €
MEDIO AMBIENTE FINCA SOUTOMAIOR	202400231464	25/410.4100.227.99	1.669,80 €
ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREIRO	202400231465	25/413.4123.227.99	1.669,80 €
TURISMO RÍAS BAIXAS	202400231466	25/433.4320.227.99	1.306,80 €
INFRAESTRUTURAS E VÍAS PROVINCIAIS	202400231467	25/456.4530.227.99	2.359,50 €
SERVIZOS CENTRAIS	202400231468	25/920.9200.227.99	1.669,80 €
COOPERACIÓN	202400231469	25/942.4330.227.99	2.129,60 €
SERVICIO DE ASISTENCIA INTERMUNICIPAL CAAN	202400231501	25/923.1705.227.99	2.117,50 €
ORAL	202400230549	25/932.9320.227.99	1.669,80 €

Resultando.- Que visto que o servizo de Contratación elabora o borrador de prego de cláusulas económico-administrativas particulares e, con data 7 de novembro de 2024, solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Resultando.- Que considerando o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 20 de novembro de 2024 e CSV: 6Y3IGN25HO68H9YC, coa seguinte observación:

*“(…) Non obstante, cómpre que se xustifique e determine a titulación coa que debe contar a persoa que debe adscribirse á execución do presente contrato. (...)”*

Resultando.- Que en base ao exposto no informe de Secretaría Xeral, con data 20 de novembro de 2024 e CSV:DMM3GNK5KARVCF8N, emítase informe complementario en aclaración do aspecto sinalado.

Resultando.- Que visto que con data 20 de novembro de 2024, o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Resultando.- Que tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 29 de novembro de 2024 e co CSV: PU7IFB6QBO5Q135C.

Resultando.- Que visto que, con data 2 de decembro de 2024, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto simplificado, de conformidade co previsto no artigo 159.1 LCSP.



Considerando.- Que tendo en conta o artigo 17 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Considerando.- Que a tenor do disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando.- Que tendo en conta o artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2.a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 €.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto simplificado, do “*Servizo de prevención e control da lexiellosis nos centros e servizos da Deputación de Pontevedra*”, pola cantidade máxima de 32.210,20 € (21% de IVE incluído), conforme ao seguinte detalle:

IMPORTE SEN IVE	IVE	IMPORTE TOTAL IVE INCLUÍDO
26.620,00 €	5.590,20 €	32.210,20 €

O valor estimado do contrato é de 106.480,00 €.

O prazo de duración do contrato será dun ano, a contar dende a data de formalización do mesmo, prevéndose a posibilidade de 3 prórrogas dunha anualidade cada unha delas.



2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: 8V2PA1KMOQ4MTBHW) e de prescricións técnicas (CSV: 016JN0LZCPP1MC7W) que rexeran neste procedemento aberto simplificado.

3.- Autorizar a tramitación anticipada do gasto por importe máximo de 32.210,20 €, IVE incluído, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE TOTAL IVE ENGADIDO
25/232.2312.227.99	11.047,30 €
25/233.3370.227.99	2.783,00 €
25/333.3330.227.99	1.669,80 €
25/410.4120.227.99	2.117,50 €
25/410.4100.227.99	1.669,80 €
25/413.4123.227.99	1.669,80 €
25/433.4320.227.99	1.306,80 €
25/456.4530.227.99	2.359,50 €
25/920.9200.227.99	1.669,80 €
25/942.4330.227.99	2.129,60 €
25/923.1705.227.99	2.117,50 €
25/932.9320.227.99	1.669,80 €

En todo caso, a adxudicación do contrato quedará condicionada á aprobación do respectivo orzamento e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

4.- Nomear responsable do contrato aos xefes de servizo ou persoa na que estes deleguen, correspondentes aos servizos obxecto desta contratación, que son:

- Centro Príncipe Felipe.
- Xuventude e Reto Demográfico.
- Museo de Pontevedra.
- Medio Ambiente.
- Estación Fitopatolóxica Areeiro.
- Turismo Rías Baixas.
- Infraestruturas e Vías Provinciais.
- Servizos centrais.
- Cooperación.
- Centro de Acollida de Animais Abandonados (CAAN).
- ORAL.

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, a contar desde o seguinte á publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante.



9.34447.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO ESPECÍFICO PARA A “RENOVACIÓN DOS EQUIPOS DE PROTECCIÓN PERIMETRAL (FIREWALL) DA DEPUTACIÓN NO MARCO DO LOTE 1 DO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN 24/2022 “SUBMINISTRO DE EQUIPOS DE COMUNICACIÓN, SERVIDORES E SISTEMAS DE ALMACENAMIENTO” DA DIRECCIÓN XERAL DE RACIONALIZACIÓN E CENTRALIZACIÓN DE CONTRATACIÓN DO ESTADO”. (Expte.2024063909)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 15 de novembro de 2024, acordou aprobar o expediente para a renovación dos equipos de protección perimetral (Firewall) da Deputación de Pontevedra a través dun contrato específico no marco do Lote 1 (equipos de comunicacións) do sistema dinámico de adquisición 24/2022 “subministro de equipos de comunicacións, servidores e sistemas de almacenamento”, da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización de Contratación do Estado.

Para a presente contratación, en data 15 de novembro de 2024 invitáronse as empresas adxudicatarias do Lote 1 do citado SDA 24/2022 (CSV: TKVG9BWO1LUK0SRE), a que presenten ofertas a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, con data 26/11/2024, procédese á apertura electrónica e cualificación dos sobres correspondentes á documentación avaliabile mediante criterios automáticos presentados polas empresas que resultaron admitidas.

A única empresa que presentou oferta á licitación e que foi admitida é:

- Acuntia S.A.U. (marca Axians) NIF: A80644081

A oferta presentada pola empresa é a seguinte:

Acuntia S.A.U. (marca Axians) NIF: A80644081

Prezo ofertado:

ARTIGO (CLAVE CATÁLOGO)	Unidades requeridas	DESCRICIÓN (descripción corta catálogo)	PREZO SEN IVE (indicar prezo unitario si procede)	IMPORTE ANTES DE IMPUESTOS	
Equipos de comunicacións (Lote 1)	01.01.00.0002	1	Subministración de equipamentos e software embarcado	82.671,82 €	82.671,82 €
Servizos complementarios – Instalación avanzada (Lote 1)	01.02.00.0002	1	Servicio de instalación avanzada	7.645,58 €	7.645,58 €
Servizos complementarios – Soporte del adxudicatario (Lote 1)	01.03.00.0002	1	Servicio de soporte	22.801,36 €	22.801,36 €
Elementos complementarios (Lote 1)	01.04.00.0002				0,00 €
Extensión de garantía (Lote 1)	01.05.00.0002				0,00 €
BASE IMPONIBLE:					113.118,76 €
IMPORTE TOTAL (impostos incluídos):					136.873,70 €





Consumo baixo carga máxima. A cantidade de enerxía consumida cando o firewall está operando baixo unha carga completa ou cerca da súa capacidade máxima: 300 W.

A continuación, procedeuse á valoración das ofertas económicas presentada pola empresa admitida, de conformidade cos criterios e fórmulas establecidos no documento de invitación, obtendo a seguinte puntuación e quedando clasificada da seguinte forma:

1ª	Acuntia S.A.U. (marca Axians) NIF: A80644081	100 puntos
----	--	------------

Con data 27 de novembro de 2024, emítese polo servizo de Contratación o correspondente informe de puntuacións finais.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións que superen o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato para a renovación dos equipos de protección perimetral (Firewall) da Deputación de Pontevedra, á empresa Acuntia S.A.U. (marca Axians) NIF: A80644081, a través dun contrato específico no marco do Lote 1 (equipos de comunicacións) do sistema dinámico de adquisición 24/2022 “*subministro de equipos de comunicacións, servidores e sistemas de almacenamento*”, da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización de Contratación do Estado, de acordo ao seguinte detalle:

Prezo ofertado:

ARTIGO (CLAVE CATÁLOGO)		Unidades requiridas	DESCRIPCIÓN (descrición corta catálogo)	PREZO SEN IVE (indicar prezo unitario si procede)	IMPORTE ANTES DE IMPUESTOS
Equipos de comunicacións (Lote 1)	01.01.00.0002	1	Subministración de equipamentos e software embarcado	82.671,82 €	82.671,82 €
Servizos complementarios – Instalación avanzada (Lote 1)	01.02.00.0002	1	Servizo de instalación avanzada	7.645,58 €	7.645,58 €
Servizos complementarios – Soporte do adxudicatario (Lote 1)	01.03.00.0002	1	Servizo de soporte	22.801,36 €	22.801,36 €
Elementos complementarios (Lote 1)	01.04.00.0002				0,00 €
Extensión de garantía (Lote 1)	01.05.00.0002				0,00 €
BASE IMPONIBLE:					113.118,76 €
IMPORTE TOTAL (impuestos incluídos):					136.873,70 €



Consumo baixo carga máxima. A cantidade de enerxía consumida cando o firewall está operando baixo unha carga completa ou cerca da súa capacidade máxima: 300 W.

O prazo de duración do contrato será de tres anos a partir do período de entrega, que será como máximo de 45 días. Non se contempla a posibilidade de prórroga.

Financiamento: As obrigas derivadas do presente contrato, polo importe máximo de 136.873,70 €, financiaranse de acordo coa seguinte distribución orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2024	24/926.9260.626.01	51.212,03 €
2024	24/926.9260.206.00	19.357,34 €
2024	24/926.9260.227.23 (2 meses)	766,38 €
2025	25/926.9260.206.00	19.357,34 €
2025	25/926.9260. 227.23	9.196,55 €
2026	26/926.9260.206.00	19.357,34 €
2026	26/926.9260. 227.23	9.196,55 €
2027	27/926.9260. 227.23 (10 meses)	8.430,17 €

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para os anos 2025, 2026 e 2027 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias así como á aprobación dos respectivos orzamentos provinciais.

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

- |   |
|---|
| <p>O servizo de instalación avanzada facturarase á recepción do servizo, tras o cumprimento a satisfacción da Administración.</p> <p>O Servizo de mantemento e soporte facturarase anualmente, unha vez prestado o servizo.</p> |
|---|

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicatario ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)	Núm. de exp.:	2024063909		
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135



Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Damián Rey Rodríguez, xefe do servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra.

10.34448.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DERIVADO LOTE 6-2024 DO ACORDO MARCO DE “OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2024047685)

Resultando.- Que o Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria celebrada o día 31/05/2024 acordou adxudicar o LOTE 6, do “Acordo marco de obras de conservación na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, á empresa NAROM, S.L. a cal ofertou unha porcentaxe de baixa do 9,49%.

Resultando.- Que atendendo ás necesidades actuais do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais e ante a falta de recursos propios suficientes, no que ao obxecto do Acordo marco se refire, propónse a tramitación do presente contrato derivado para levar a cabo obras de reparación de firme para mellorar a seguridade viaria na rede de estradas da Deputación de Pontevedra.

Resultando.- Que con este contrato relativo ao Lote 6 quérese actuar en estradas provinciais dos concellos de Vigo, Nigrán, Baiona, Mos, Tui, Oia e O Rosal, nos cales se fai necesario obras de reparacións varias para mellorar a seguridade vial.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e concisa o obxecto das necesidades anteriormente sinalada, redactouse pola enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona María Elena Pérez Alonso, memoria valorada, para a execución do “Contrato derivado LOTE 6-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, cun orzamento base de licitación, unha vez aplicada a baixa ofertada polo contratista de 658.012,98 € IVE incluído. A esta memoria valorada asignóuselle o código (CSV): 4P4AVEGOBRGY9T50.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o “*Contrato derivado LOTE 6-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra*”.

Resultando.- Que pola Intervención informouse en documento que consta no expediente con CSV: 8LHEAAKR84TT76Y5, que na aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gastos cód. nº 2023036794/6, existe crédito autorizado, por un importe total de 685.015,56 €, para facer fronte a este gasto (Doc. A nº 202400014447).



Resultando.- Que consta no expediente con CSV: FYDRYRFE6MV22NAL informe da Intervención de fiscalización do expediente, que recolle o seguinte: “...*infórmase favorablemente o expediente...*”

Considerando.- Que coa conclusión do presente acordo marco quedaron perfectamente definidas todas as condicións, características e prezos coa formalización do mesmo, e non se procederá a unha segunda fase competitiva pero si á adxudicación dos correspondentes contratos derivados, en función das necesidades de redacción de proxectos que xurdan no Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Considerando.- Que a cláusula 18.1 do PCAP que rexe nesta contratación recolle, en relación ó procedemento de adxudicación dos contratos derivados baseados no Acordo Marco, que o obxecto do contrato realizárase mediante a aprobación do proxecto, que estará composto polo Prego de Prescricións Técnicas do acordo marco aprobado co expediente de contratación, máis a memoria valorada coa que se conforma o contrato derivado.

Considerando.- Que a cláusula 11 do PCAP establece no referente ás garantías, que o seu importe será do 5% do prezo de adxudicación de cada contrato derivado, excluído o IVE, debendo ser acreditada a súa constitución dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación da adxudicación do correspondente contrato derivado.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 18/12/2020 acordou adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (A82876905), o Lote 3 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Sur)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na dilixencia de solicitude de adxudicación do contrato baseado, á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A.U., para a adxudicación do “Contrato derivado Lote 3 do AM seguridade e saúde no Contrato derivado LOTE 6-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, por un importe estimado de 4.404,50 €. (Expte 2024076116).

Considerando.- Que consta nese expediente con CSV: WFFQC21AKC2AKOEP informe emitido pola Intervención no que se recolle que na aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto código nº 2023036794/6, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 202400248575.

Considerando.- Que o Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria celebrada o día 31 de maio de 2024, acordou delegar na Xunta de Goberno a aprobación dos proxectos e adxudicación dos contratos baseados deste Acordo Marco.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar o proxecto de execución do “Contrato derivado LOTE 6-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, formado polo prego de prescricións técnicas ó que se lle asignou un código (CSV) TY4DH5VUMCI8AOZN, mais a memoria valorada á que se lle asignou un código (CSV): 4P4AVEGOBRGY9T50.
2. Autorizar o gasto por importe de 658.012,98 € IVE incluído con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01 , dentro do proxecto de gastos cód. nº 2023036794/6.
3. Adxudicar á empresa NAROM, S.L., (CIF B36163418) o Contrato derivado LOTE 6-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra” por importe unha vez aplicado o porcentaxe de baixa de 658.012,98 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	543.812,38 €
IVE (21 %)	114.200,60 €
Importe total.....	658.012,98 €

O prazo de execución do presente contrato será de SEIS (6) MESES, a contar dende a formalización da acta de comprobación de replanteo.

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 24/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gastos cód. nº 2023036794/6.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2024047684.



Se, xunto coa factura, o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

4. Requirir a NAROM, S.L. para que no prazo de DEZ DIÁS HÁBILES, a contar desde o día seguinte á notificación do presente acordo, constitúa na Tesourería da Deputación, garantía definitiva por importe de 27190,62 €.
5. Nomear directora de obra á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona María Elena Pérez Alonso.
6. Adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (A82876905), o Contrato derivado Lote 3 do AM seguridade e saúde no Contrato derivado LOTE 6-2024 do Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra” (Expte.2024076116), por importe de 4.404,50 € IVE incluído, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	3.640,08 €
IVE (21 %)	764,42 €
Importe total.....	4.404,50 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2024076116.



11.34449.- APROBACIÓN DO ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN PARA O “SERVIZO DE TRANSPORTE DE OBRAS DE ARTE PARA O MUSEO DE PONTEVEDRA”. (Expte. 2024057103)

O Museo de Pontevedra dependente da Deputación de Pontevedra é un dos museos máis sobranceiros de Galicia. Esta Institución, de gran relevancia para a cidade de Pontevedra e con proxección e alcance moito máis aló do termo municipal e do territorio provincial, inclúe nas súas programacións anuais a organización de numerosas exposicións temporais, conferencias, certames, obradoiros, congresos, concertos, etc.

A programación expositiva e de certames e congresos, require de traballos previos de preparación e organización entre os que está o traslado ao Museo de Pontevedra das obras de arte seleccionadas que formarán parte das mesmas así como a súa devolución aos lugares de orixe. Pero tamén, con certa frecuencia o Museo de Pontevedra merca obras de arte que considera de interese co obxecto de enriquecer e incrementar o contido e o patrimonio da entidade. Así mesmo, noutras ocasións, recibe depósitos temporais para o seu estudo e valoración e/ou pezas en préstamo para estudo e/ou para formar parte de exposicións temporais.

Con frecuencia é preciso trasladar as obras ao Museo de Pontevedra desde os seus lugares de orixe e nalgún dos casos retornalas, estando o préstamo de obras, na maioría dos casos, suxeito á condición de embalaxe e transporte axeitado.

Tendo en conta que o Museo de Pontevedra non conta de seu cos medios humanos e técnicos precisos para realizar as tarefas de transporte, embalaxe, desembalaxe e montaxe de bens culturais e obras de arte e que non é posible utilizar os recursos propios para levalas a cabo co nivel de calidade e seguridade requirido, resulta preciso contratar unha empresa especializada que conte cos medios técnicos e o persoal preciso para levar a cabo os traballos seguindo as necesidades e pautas técnicas requiridas polos prestamistas específicos en cada caso.

Con data 23 de outubro de 2024, o Vicepresidente dita providencia de inicio do expediente para o establecemento dun sistema dinámico de adquisición para o servizo de transporte de obras de arte para o Museo de Pontevedra, dividíndose nas seguintes categorías:

- Categoría I: Embalaxe/desembalaxe + Transporte/transporte aéreo + Montaxe + Correos.
- Categoría II: Embalaxe/ Desembalaxe + Transporte + Correos.
- Categoría III: Embalaxe/ Desembalaxe + Transporte Combinado + Correos.
- Categoría IV: Montaxe.

Tendo en conta que, con data 28 de novembro de 2024 o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos e, en prol de conseguir unha mellor eficiencia nos recursos públicos e dentro dunha estratexia que conleva unha planificación dos contratos e a procura de solucións, proxecta implementar para esta necesidade un sistema dinámico de adquisición enmarcado dentro da sección 3ª, do Capítulo II, racionalización técnica da contratación, do Título I do Libro II.



Visto o informe favorable emitido pola Secretaría Xeral con data 26 de novembro de 2024.

Visto o informe complementario emitido pola Xefa de Xestión do Museo de data 26 de novembro de 2024.  
Visto o informe favorable emitido pola Intervención con data 27 de novembro de 2024.

Tendo en conta que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, establece que: *“A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”*.

Visto que o artigo 223 da Lei 9/2017, sinala que os órganos de contratación poderán articular sistemas dinámicos de adquisición de obras, servizos e subministracións de uso corrente cuxas características, xeralmente dispoñibles no mercado.

Tendo en conta que o artigo 224 e 226 da LCSP, determina que para contratar no marco dun sistema dinámico de adquisición seguiranse as normas do procedemento restrinxido, sendo obxecto de licitación cada contrato que pretenda adxudicar.

Considerando que se estima que o valor dos contratos específicos superasen no seu conxunto os 100.000 euros, establécese como o órgano de contratación que aprobe esta institución a Xunta de Goberno.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- 1.- Aprobar o expediente para establecer un Sistema Dinámico de Adquisición para o Servizo de transporte de obras de arte do Museo de Pontevedra.
- 2.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas que consta no expediente, co código seguro de verificación CSV: 6NFZRJ8KW7XQBM9J e o prego de prescricións técnicas CSV005KBFT3XHO01XT8.
- 3.- Iniciar a Fase I do SDA de selección de candidatos, concedendo un prazo para solicitar adhesión das empresas o sistema, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.
- 4.-Delegar na mesa de contratación a cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos e selección dos candidatos que poida acceder o SDA.
- 5.- Establecerase como órgano de contratación dos contratos específicos, para a remisión da invitación de licitación e posterior adxudicación, ao órgano competente para autorizar e dispoñer o gasto de conformidade coas Bases de Execución do Orzamento.





12.34450.- APROBACIÓN DUNHA PRÓRROGA EXTRAORDINARIA DO ACORDO MARCO PARA A CONTRATACIÓN DO “SERVIZO DE ASISTENCIA, ASESORAMENTO, DEFENSA LETRADA E REPRESENTACIÓN EN XUÍZO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA NO EIDO DE RECURSOS HUMANOS, EMPREGO PÚBLICO E PATRIMONIO”. (Expte. 2020024551)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 30 de outubro de 2020, adxudicou o “Acordo marco para a contratación do servizo de asistencia, asesoramento, defensa letrada e representación en xuízo da Deputación de Pontevedra no eido de recursos humanos, emprego público e Patrimonio” á empresa J&A Garrigues, SLP (CIF: B-81.709.081), de acordo ao seguinte detalle:

DESCRICIÓN DO SERVIZO	Prezo unitario ofertado (sen IVE)	IVE	Prezo unitario ofertado (co IVE)	Unidades estimadas (anuais)
Servizos de asistencia e asesoramento xurídicos en materia de recursos humanos, emprego público e Patrimonio (Prezo por hora):	120,00 €	25,20 €	145,20 €	90
Servizos de defensa xurídica en procedementos xudiciais do tipo 1, complexidade baixa:	1.150,00 €	241,50 €	1.391,50 €	10
Servizos de defensa xurídica en procedementos xudiciais do tipo 2, complexidade normal:	6.500,00 €	1.365,00 €	7.865,00 €	4

O Acordo Marco entrou en vigor o día 14 de decembro do 2020, data da súa formalización, cun prazo de duración de un ano, e a posibilidade de tres prórrogas anuais, conforme ao establecido na cláusula 4 do prego administrativo.

As referidas prórrogas aprobáronse mediante acordos da Xunta de Goberno, adoptados, en sesión ordinaria, os días 3 de decembro de 2021, 18 de novembro de 2022 e 13 de outubro de 2023, resultando o día 14 de decembro de 2024 como data de vencemento deste Acordo marco.

Ante a proximidade do vencemento da última prórroga, con data 4 de xuño de 2024, a deputada delegada da área de Infraestruturas, Mobilidade e Contratación, xunto co xefe do servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio e a xefa do servizo de Recursos Humanos e Formación, propoñen a nova contratación do Acordo marco, ao que se une posteriormente o Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e salvamento.



En base a proposta, a Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 27 de setembro de 2024, aproba o expediente para a tramitación anticipada da contratación, mediante procedemento restrinxido, do “*Acordo marco do servizo de asistencia, asesoramento, defensa letrada e representación en xuízo da Deputación de Pontevedra e do Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, no eido de recursos humanos, emprego público e patrimonio*”.

No mesmo acordo, dispón a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo de 15 días naturais para a presentación de solicitudes de participación, contados desde a publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, que se realiza o día 1 de outubro de 2024.

Visto o informe do servizo de Contratación, de data 12 de novembro de 2024, que sinala que “(...) a complexidade do procedemento restrinxido, que comprende unha fase inicial de selección de candidatos en atención a súa solvencia, e a propia complexidade técnica do Acordo Marco, que precisa unha análise exhaustiva na avaliación das propostas, fan previsible un posible retraso nos tempos estimados inicialmente para a adxudicación do procedemento.

Ditas circunstancias motivan a necesidade de acudir, en tanto non se adxudique este novo acordo marco, á prórroga prevista no artigo 29.4 da LCSP, co obxecto de garantir a continuidade do servizo, por razóns de interese público, xa que os servizos ofrecidos son esenciais para a correcta defensa e representación en xuízo da Deputación.

Dita prórroga realizaríase polo tempo imprescindible para levar a cabo a nova contratación, que na actualidade atópase en fase de selección de solicitudes de participación, e en todo caso quedaría moi lonxe do período máximo de nove meses establecido na LCSP.

Na actualidade, a execución do acordo marco vense desenvolvendo de acordo co pactado, e segundo o previsto nos pregos que rexen a devandita contratación, polo que non se advirten incumprimentos por parte da empresa contratista que xustifiquen a improcedencia da prórroga.”

Tendo en conta que, con data 11 de novembro de 2024, o xefe do servizo de Contratación solicita a conformidade da empresa contratista, e que, con data 13 de novembro de 2024, presenta na sede electrónica da Deputación de Pontevedra escrito no que manifesta a súa conformidade coa prórroga proposta (Registro entrada WEB2024070255).

Tendo en conta que, con data 20 de novembro de 2024, a Secretaría Xeral presta conformidade ao informe proposta de prórroga, emitido polo servizo de Contratación.

Tendo en conta a dilixencia de fiscalizado e conforme da Intervención, de data 2 de decembro de 2024.



Tendo en conta o artigo 29.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cando ao vencemento dun contrato non se formalizara o novo contrato que garanta a continuidade da prestación a realizar polo contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adxudicación e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogar o contrato orixinario ata que comece a execución do novo contrato e en todo caso por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato publicouse cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización do contrato orixinario ou, tratándose dun contrato baseado nun acordo marco ou un contrato específico no marco un sistema dinámico de adquisición, enviáronse as invitacións a presentar oferta do novo contrato baseado ou específico polo menos quince días antes da finalización do contrato orixinario.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar a prórroga do “*Acordo marco para a contratación do servizo de asistencia, asesoramento, defensa letrada e representación en xuízo da Deputación de Pontevedra no eido de recursos humanos, emprego público e Patrimonio*”, subscrito coa empresa J&A Garrigues, SLP (CIF: B-81.709.081), polo período que vai desde o 14 de decembro de 2024, ata que se formalice e comece a execución do novo “*Acordo marco do servizo de asistencia, asesoramento, defensa letrada e representación en xuízo da Deputación de Pontevedra e do Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e salvamento, no eido de recursos humanos, emprego público e patrimonio*”, que se está a tramitar mediante procedemento restrinxido, co número de expediente 2024036049, ou, en todo caso, por un período máximo de nove meses, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexén.

Os contratos que poidan derivar da presente prórroga extraordinaria serán financiados con cargo ás aplicacións orzamentarias dos respectivos centros xestores (Contratación e Recursos Humanos), debendo realizarse previamente a respectiva tramitación e solicitude de existencia de crédito antes da súa adxudicación.



13.34451.- LIBERACIÓN PARCIAL DO CRÉDITO COMPROMETIDO NO CONTRATO DE “SUBMINISTRACIÓN DE REACTIVOS PARA O LABORATORIO DA FINCA MOURISCADÉ, LOTE 1: REACTIVOS PARA A REALIZACIÓN DAS DETERMINACIÓNS FÍSICO-QUÍMICAS”. (Expte.2022059153)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 24 de xaneiro de 2023, adxudicou o contrato de Subministración de reactivos para o laboratorio da Finca Mouriscadé, por lotes, ás seguintes empresas:

- Lote 1 Reactivos para a realización das determinacións físico-químicas: Comercial Hospitalaria Grupo 3, S.L. (CIF: B36769479)
- Lote 2 Reactivos para a realización das determinacións microbiolóxicas: Comercial Hospitalaria Grupo 3, S.L. (CIF: B36769479)
- Lote 3 Reactivos para equipos dos que dispón o laboratorio: “Minividas e Vitek 2”: Biomerieux España, S.A.U. (CIF: A28664589)
- Lote 4 Reactivos para a realización das determinacións de augas: Cienytech Soluciones, S.L. (CIF: B70508023)

De conformidade co establecido na cláusula 3.1 do prego administrativo, o contrato adxudicouse por prezos unitarios, sendo as obrigas económicas para a Deputación de Pontevedra as que resultasen dos correspondentes pedidos.

O cadro de financiamento previsto para este contrato foi o seguinte:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Lote	Importe total (co IVE)
2023	410.4120.221.06	Lote 1	54.723,08 €
		Lote 2	35.612,86 €
		Lote 3	55.029,35 €
		Lote 4	9.742,19 €
2024	410.4120.221.06	Lote 1	54.723,08 €
		Lote 2	35.612,86 €
		Lote 3	55.029,35 €
		Lote 4	9.742,19 €



Visto o informe da xefa do servizo de Medio Ambiente, responsable do contrato, de data 27 de novembro de 2024 (CSV: OI3KIFA40WAZG0SW), que manifesta que os pedidos realizados e facturados con cargo ao lote 1 no exercicio 2024 foron os seguintes:

Código expediente	Total	Número factura
2024006080	214,90 €	2024/B/20240434
2024017241	299,48 €	2024/B/20241388
2024017242	287,13 €	2024/B/20241390
2024022764	584,67 €	2024/B/20241896
2024035881	2.452,71 €	2024/B/20243077
2024035882	3.966,14 €	2024/B/20243075
2024045288	4.790,83 €	2024/B/20243809
2024060035	2.096,20 €	2024/B/20245100
2024060037	1.955,36 €	2024/B/20245101
2024065172	835,19 €	2024/B/20245634
2024072894	2.390,73 €	2024/B/20246655
2024072893	8.684,74 €	2024/B/20246654
<b>TOTAL</b>	<b>28.558,08 €</b>	

Segundo o informe, estes produtos son subministrados por demanda, e non é necesario consumir as cantidades estimadas na proposta inicial para 2024, polo que queda un saldo pendente de 26.165,00 euros que non se vai a consumir. Polo exposto, o servizo de Medio Ambiente propón a baixa do devandito importe sobrante (núm. operacións D: 202400015217; A: 202400009283).

Tendo en conta a dilixencia da Intervención, de data 27 de novembro de 2024, que presta conformidade á proposta do servizo de Medio Ambiente para a liberación do crédito comprometido no contrato para subministración de reactivos para o laboratorio da Finca Mouriscade, lote 1 (CSV: W3PADCP5JNYY086A).



Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16<sup>a</sup>.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministracións cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Liberar parcialmente, na aplicación 24/410.4120.221.06 do vixente orzamento provincial, o crédito comprometido do contrato de “*Subministración de reactivos para o laboratorio da Finca Mouriscade. Lote 1: Reactivos para a realización das determinacións físico-químicas*”, na contía de 26.165,00 €, correspondente ao saldo sobrante do orzamento máximo estimado para o exercicio 2024 (núm. operacións D: 202400015217; A: 202400009283).

14.34452.- PROPOSTA PARA O CONSELLO CONSULTIVO DE GALICIA, DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “AMPLIACIÓN DE OBRAS DE DRENAXE NA EP-8504 FORNO-CERNADAS NO P.Q. 0+530 E NO P.Q. 4+670 (CONCELLO DE VALGA)”. (Expte.2022070641)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 19/05/2023 acordou adxudicar á empresa MONCOSA OHS, S.A (CIF A15050958) o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno- Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*”, por un importe de 268.973,62 € IVE incluído, e un prazo de execución de CATRO (4) MESES.

Resultando.- Que con data 29/06/2023 formalizouse entre o director de obra e o contratista acta de comprobación de replanteo, establecendo nese intre coma data para finalizar a obra o día 29/10/2023.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 10/11/2023 acordou conceder á empresa MONCOSA OHS, S.A., unha ampliación do prazo de execución de DOUS (2) MESES, no contrato de obras “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*” establecendo coma data para finalizar a obra o día 29/12/2023.

Resultando.- Que o mesmo órgano na súa sesión ordinaria celebrada o día 16/02/2024 acordou conceder á empresa MONCOSA OHS, S.A., unha ampliación de prazo de CUARENTA E CINCO (45) DIAS, na execución do contrato de obras “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*” establecendo coma data para finalizar a obra o día 08/03/2024, a partires da cal, de non estar terminada se lle aplicaran ó contratista automaticamente penalidades previstas.



Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 5I8BE8EDZKMP0OKB documento do libro de ordes da obra, no que o director de obra na data 15/03/2024 anota na folla nº1 diversas instrucións para o contratista relativas á execución das unidades de obra que quedan por executar.

En particular recolle o libro de ordes que se lle advertiu tanto verbalmente como por escrito que non se autoriza o asfaltado da estrada no p.q. 0+530, mentres o contratista non remate o muro da marxe esquerda a p.q.+ da ponte. Recollese tamén que o muro de contención do terraplén deberá alcanzar a cota da zahorra, así como cal debe ser a súa lonxitude. Ademais a zahorra deberá alcanzar resultados favorables nas placas de carga previo ó asfaltado, advertindo de que de rematar a obra sen atender ás instrución da Dirección de obra, a acta de recepción será desfavorable. Recórdase tamén que a obra atópase fora do prazo de execución, con levando a demora na execución por causa imputable ó contratista, a imposición das respectivas penalidades establecidas na normativa de contratación. Destas instrucións dáselle traslado ó contratista o día 15/03/2024, constando documento o efecto no expediente con CSV: DUFKZTJJH8JDIH8I.

Resultando.- Que na data 01/04/2024 a Dirección de Obra apuntou na folla nº2 do libro de ordes que o contratista na data 25/03/2024 procedeu ó asfaltado da estrada na zona da ponte do p.q. 0+530, incumprindo a prohibición expresa de facelo dada pola dirección de obra en reiteradas ocasións, tanto por escrito coma verbalmente.

Recole a anotación no libro de ordes tamén que no momento en que se asfaltou a estrada, o muro seguía sen estar rematado e a zahorra seguía sen cumprir os valores mínimos, dando a instrución de retirar o aglomerado estendido, substituír a zahorra por unha máis amplía e terminar o muro de contención segundo o indicado na folla nº1 do libro de ordes.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: NN3ALIYS03Q7W7XG acta de reunión mantida na data 05/04/2024 entre o xefe dos servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, o Director de Obra e o Xefe de Obra da empresa Moncosa OHS, S.A., na que o director de obra expúxolle ó xefe de obra a situación da obra, así como as anotacións realizadas no libro de ordes nas data 15/03/2024 e 01/04/2024 que xa foran comunicadas á empresa e as instrucións nelas dadas.

Recole a citada acta, que á vista dos antecedentes, se lle indica ó xefe de obra o seguinte:

- Non procede o abono da zahorra artificial estendida na zona da ponte do P.Q. 0+530, por alcanzar valores insuficientes nos módulos de compresibilidade nos ensaios realizados de placa de carga, tal e como figura no informe de control de calidade da empresa *CYE Control y Estudios*.
- Non procede o abono do aglomerado estendido na zona da ponte do P.Q. 0+530, por realizarse o seu estendido sobre unha zahorra artificial non admisible e non aprobada polo Director do Contrato.
- Dado que o contratista non procedeu á terminación do muro da marxe esquerda a P.Q.+ da ponte e a zahorra estendida non é admisible, no momento no que se recepcione a obra estenderase acta de recepción desfavorable, indicándose na acta o prazo que se determinará para corrixir os defectos observados.



Resultando.- Que con data 14/05/2024 o director de obra emitiu informe de recepción da obra, que consta no expediente con CSV: A1LZSRKOKI71819H, recollendo táboa de medicións, informando ademais do seguinte “[...]. Á data da redacción deste informe, tras sucesivos requirimentos realizados pola Dirección de Obra ó contratista para subsanación de incorreccións, estes non foran atendidos e existen varias unidades de obra da zona da ponte do P.Q. 0+530 con deficiencias, sendo estas as seguintes: A zaborra artificial non cumpre os ensaios de placa de carga, o muro de contención a PQ+ marxe esquerda está sen rematar e o aglomerado estendido non chega ata o límite do dominio público viario nin a PQ- na marxe dereita nin a PQ+ na marxe esquerda prexudicando con ilo a seguridade viaria, ademais está estendido sobre unha zaborra artificial non admisible e preto dun muro de contención sen rematar. No caso da zaborra artificial, tal e como consta no expediente, a Dirección de Obra advertiulle en innumerables ocasións ó contratista, que os ensaios de placa de carga non cumprían os valores mínimos e que non se autorizaba o estendido do aglomerado mentres a zaborra artificial non acadase resultados admisibles e mentres non se rematase ata coronación o muro de contención do terraplén da marxe esquerda a PQ+ da ponte do 0+530. Sen embargo o contratista fixo caso omiso ás instrucións que lle deu a DO tanto de maneira verbal, como por escrito en sucesivos e-mails e na anotación N°1 do Libro de Ordes. En vista do cal, a DO procedeu a facer un requirimento na folla N°2 do Libro de Ordes e un segundo requirimento na reunión do 5 de abril de 2024. O contratista se negou a firmar as anotacións N°1 e N°2 do Libro de Ordes e a acta da reunión do 05/04/2024, pero consta no expediente o envío do contido de tódolos documentos ó correo electrónico do xefe de obra da empresa adxudicataria. Por outra parte constan reclamacións dos 2 propietarios das 2 fincas privadas situadas na marxe dereita da ponte. No caso da finca situada a PQ- consta unha reclamación por escrito e no caso da reclamación do propietario da finca situada a PQ+ a reclamación foi verbal. En ambos casos os propietarios solicitan que se retire o material pedregoso procedente da escavación na ponte do 0+530 para que as fincas queden na mesma situación inicial, manifestando ambos que foi depositado pola empresa contratista sen consentimento previo. O prazo inicial da obra era de 4 meses, posteriormente tramitáronse dúas ampliacións de prazo (unha de 2 meses e outra de 45 días naturais), así como unha suspensión do prazo da obra de 25 días naturais, de maneira que o prazo final da obra rematou o 8 de marzo de 2024. Sen embargo os últimos traballos realizados na obra datan do 19 de abril de 2024. O retraso acaecido dende o 8 de marzo de 2024 ata o 19 de abril de 2024 débese a causas imputables ó contratista..”

Resultando.- Que con data 21/05/2024 asignase acta de recepción desfavorable, debido a que existen elementos ou aspectos non executados ou executados incorrectamente, susceptible de emenda no prazo concedido ao contratista. Consta no expediente con CSV: ZCTDXETPMAZAILDP.

Resultando.- Que con data 22/05/2024 emitiu o director de obra informe complementario á acta de recepción desfavorable, que consta no expediente con CSV: 61ZJPD282VN12506. Nel recóllense as instrucións dadas ó contratista para subsanar as deficiencias, concedéndolle un prazo de 2 meses para tal fin. Tanto da acta de recepción desfavorable, como do informe ampliatorio da dirección de obra, foron notificados ó xefe de obra.

Resultando.- Que con data 24/07/2024 tivo entrada a través do Rexistro electrónico da Deputación de Pontevedra escrito do contratista onde expón as deficiencias que arranxou, solicitando unha nova recepción da obra, para comprobar as melloras realizadas.





Resultando.- Que con data 30/07/2024 formalizouse entre todas as partes, unha nova acta de recepción desfavorable, que consta no expediente con CSV: ZCTDXETPMAZAILDP. Nela recóllese que se constata que as deficiencias detectadas previamente non foron enmendadas, concluíndo que aquelas non se atopan en bo estado e non se axustan ás condicións previstas no contrato, existindo novamente elementos non executados ou executados incorrectamente susceptibles de enmenda.

Resultando.- Que con data 01/08/2024 o director de obra emitiu informe ampliatorio á acta de recepción desfavorable, no que se detallan todas as deficiencias que existen na obra e o contratista non arranxou correctamente que dan lugar a que a recepción sexa novamente desfavorable. Tanto da acta de recepción desfavorable, como do informe ampliatorio da dirección de obra, foron notificados ó xefe de obra.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 1P6K6SVI0XTWPPL3 novo escrito do contratista no que pon de manifesto na boa execución da obra, solicitando o abano dos traballos de construción do muro da marxe esquerda da estrada.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 6HLORBMOJ1IK8FM informe do xefe de Servizo de Contratación, no que se recolle o seguinte: “... O contrato de obras configúrase como un contrato de resultado, debendo o contratista finalizar as obras a satisfacción da administración axustándose ás especificacións técnicas previamente establecidas no proxecto e das que foi coñecedor o contratista na licitación. A pesar das numerosas instrucións dadas polo Director de obra, e do prazo extraordinario concedido na recepción de obra, o contratista non mostra vontade de corrección das unidades que non cumpren cos mínimos de calidade esixidos polas normas. Considerando que os contratos se extinguirán polo seu cumprimento ou resolución, e que o artigo 243.3 Lcsp sinala cando as deficiencias non permitan declarar o contrato cumprido na súa totalidade, a esta administración só queda declarar a resolución. A resolución forma parte das prerrogativas da administración, debendo instruírse un procedemento con audiencia ao contratista, e que conte cos informes do Secretario e intervención a; así como, do Consello Consultivo de Galicia, sendo preceptivo a súa solicitude, pero non vinculante en caso de oposición polo contratista. O procedemento debe finalizarse no prazo de 3 meses máximo desde o seu inicio, tendo unha serie de efectos engadidos coma a incautación da garantía, así como a indemnización a administración de danos e prexuízos [...]”.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 31/10/2024 acordou Iniciar o procedemento de resolución do contrato de obras “Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)”, conferíndolle ó contratista un prazo de dez días hábiles para facer as alegacións que estimara oportunas.

Resultando.- Que mediante escrito presentado polo contratista a través do Rexistro xeral da Deputación na data 19/11/2024 (REX\_WEB2024071590), pon de manifesto a súa oposición á resolución do contrato.

Resultando.- Que recibidas as alegacións no prazo establecido, emitiu o preceptivo informe o responsable do contrato. Dito informe consta no expediente con CSV: JPH8GQX5O5P9SIUO.



Resultando. Que consta no expediente con CSV: N9BF7SI4FCQQ8Y9H informe emitido polo xefe de Servizo de Contratación, coa conformidade do Secretario, sobre as alegacións formuladas polo contratista e a proposta de resolución do contrato, que recolle o seguinte: *“...tendo especial consideración o exposto no informe do director de obra, visto que a empresa alega a concorrencia dunha causa de resolución non invocada por esta Administración, e non achega ningún elemento novo que permita apartarse do criterio seguido para iniciar a resolución do contrato, semella procedente desestimar as alegacións formuladas pola empresa no trámite de audiencia, e resolver o contrato ao abeiro dos artigos artigo 243.3 e 211.1.f) da LCSP. Non en tanto, previa a decisión que, non seu caso, acorde ou órgano de contratación, deberanse recadar os preceptivos informes de Secretaría e Intervención, e en cumprimento dúas artigos 12.g) dá Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia, e 19.3 dá Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, o ditame do Consello Consultivo de Galicia...”*

Resultando.- Que consta no expediente conformidade do Secretario Xeral da Deputación ó informe anteriormente citado.

Considerando.- Que o artigo 190 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP) establece que, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados na presente Lei, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de acordar a resolución dos contratos administrativos e determinar os efectos desta.

Considerando.- Que o contrato poderá extinguirse por calquera das causas de resolución enumeradas nos artigos 211 e 306 da LCSP. Neste punto, queda constatado no expediente que a empresa MONCOSA OHS, S.A. incumpriu o contrato debido á persistencia de defectos graves na obra que non foron emendados conforme á acta de recepción, afectando gravemente o obxecto do contrato e xustificando a súa resolución.

Considerando.- Que dita circunstancia constitúe unha das causas de resolución previstas no artigo 211.1 da LCSP, que no seu apartado f) establece como tal o incumprimento da obriga principal do contrato.

Considerando. – Que os contratos deberán cumprirse a teor das súas cláusulas, art.189 Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, sen prexuízo das prerrogativas establecidas pola lexislación en favor das Administracións Públicas, como son a de interpretar os contratos, resolver as dúbidas para o seu cumprimento, declarar a responsabilidade do contratista, acordar a resolución do contrato e os efectos desta. (art. 190 Lscp).

Considerando.- Que o artigo 209 da LCSP dispón que os contratos se extinguiran polo seu cumprimento ou por resolución. O cumprimento será a forma normal da extinción de contrato, cando chegue a executarse na súa integridade por parte do contratista e a satisfacción da administración, de acordo con as coas condicións obrigacionais que previron nos pregos, proxecto e no contrato.

Considerando.- Que o artigo 210 da LCSP dispón que *“o contrato se entendera cumprido polo contratista cando este realizase, de acordo con os termos do mesmo e a satisfacción da administración, a totalidade da prestación”*.



Considerando.- Que a execución dos contratos desenvolverase, sen prexuízo das obrigacións que correspondan ao contratista, baixo a dirección, inspección, e control do órgano de contratación, o cal poderá ditar as instrucións oportunas para o fiel cumprimento do convindo, tal e como establece o artigo 210 LCSP, artigo 941 e 2 do RGTRLACP.

Considerando.- Que de conformidade co previsto no artigo 210.2 LCSP a constatación do cumprimento esixirá por parte da administración un acto formal e positivo de recepción ou conformidade dentro do mes seguinte á entrega ou realización do obxecto do contrato.

Considerando.- Que seguindo o previsto no artigo 243.3 LCSP ante as deficiencias que non permite declarar que o contrato esta cumprido na súa totalidade a satisfacción da administración, só queda a esta administración declarar a resolución do contrato.

Considerando.- Que polo que respecta ao procedemento, de conformidade cos artigos 212 e 213 da LCSP, a resolución do contrato acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, no seu caso, seguindo o procedemento que nas normas de desenvolvemento desta Lei establézase. Os expedientes de resolución contractual deberán ser instruídos e resoltos no prazo xeral de tres meses establecido no artigo 21.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante, LPAC), ao declararse non conforme coa orde constitucional de competencias (Sentenza do TC 68/2021, de 18 de marzo) o prazo máximo de oito meses establecido para resolver estes expedientes no artigo 212 LCSP.

Considerando.- Que en canto ao procedemento de exercicio da referida prerrogativa de resolución, régulase no artigo 191 e na disposición adicional terceira, apartado 8, da mesma Lei, segundo os cales deberá darse audiencia ao contratista, sendo preceptivo o ditame do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma cando formule oposición. O acordo que adopte o órgano de contratación porá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo, sendo preceptivo o informe xurídico de Secretaría.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Acordar a seguinte proposta de resolución para o seu ditame polo Consello Consultivo de Galicia:
  - 1.1. Desestimar as alegacións formuladas pola empresa MONCOSA OHS, S.A. (CIF A15050958) contra acordo da Xunta de Goberno número 7.34330 de data 31/10/2024 que acorda o inicio do procedemento de resolución do contrato de obras “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*”.
  - 1.2. Resolver o contrato de obras “*Ampliación de obras de drenaxe na EP-8504 Forno-Cernadas no P.Q. 0+530 e no P.Q. 4+670 (Concello de Valga)*” suscrito coa referida empresa, ao abeiro da causa de resolución establecida no artigo 243.3 e 211.1. letra f) da LCSP.



Dita causa motívase nos feitos postos de manifesto nas actas de recepción, de datas 21/05/2024 (CSV:ZCTDXETPMAZAILDP) e 30/07/2024 (CSV: RR08QMGZ4TOG7QYJ); e nos informes do director de obra, de data 14/05/2024 (CSV:A1LZSRKOKI71819H); data 22/05/2024 (CSV: 61ZJPD282VN12506); data 01/08/2024 (CSV: ZACSJXDMEQ9KAZLJ);e data 18/09/2024 (CSV: 8VXHLOR4ZNNBUO61).

2. Elevar esta proposta de resolución contractual por incumprimento por parte da empresa contratista ao Consello Consultivo de Galicia, aos efectos de que se emita e remita o correspondente ditame preceptivo.
3. Suspende, de conformidade co artigo 22.1.d) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o prazo de tres meses, contados desde o acordo de iniciación de resolución contractual, con que conta a Administración para resolver e notificar o procedemento, polo tempo que medie entre a solicitude de ditame ao Consello Consultivo de Galicia (que será comunicado á empresa contratista) e a súa recepción por parte da Administración (que será igualmente comunicada).

15.34453.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L., PARA RESPONDER DA EXECUCIÓN DO CONTRATO DE “ENSANCHE E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 2906 OS VALOS-GUIZÁN, DENDE O P.Q. 2+180 ATA O P.Q. 2+920 (REDONDELA)”. (Expte. 2020037029) (Devogaran 2024027556)

Por acordo número 6.29841, de data 09 de abril de 2021, adoptado pola da Xunta de Goberno celebrada en sesión ordinaria (CSV: 54ANUFJ7KHA3SH2D), adxudicouse, mediante procedemento aberto simplificado, o contrato de obra de “*Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 2906 Os Valos-Guizán, dende o P.Q. 2+180 ata o P.Q. 2+920 (Redondela)*”. (Expte. 2020037029).

Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil *Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela, S.L.* (B-36.239.861), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que é o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. (B-36.239.861)	13.370,37€	202100013741	22/01/2021

Posteriormente, debido a unha serie de problemas recollidos pola Directora da obra propónse a redacción dun proxecto modificado motivado pola adaptación do proxecto á realizade da estrada.



Por acordo número 32.30658, de data 30 de xullo de 2021, adoptado pola Xunta de Goberno celebrada en sesión ordinaria (CSV: OBFU050PJO3NQTGN), aprobouse dito proxecto modificado que supuxo un incremento da garantía definitiva inicialmente depositada.

Para responder deste incremento, a empresa *Excavaciones y Construcciones Manuel Pérez Portela, S.L.* (B36239861), depositou unha garantía complementaria de mil setecentos corenta e dous euros con setenta e cinco céntimos (1.742,75€ Carta de pago con número de operación 202100160709, de data 25/08/2021).

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- 2MKN9FONPNXJLJ7B), no cal sinala que “(...) *procede a devolución da garantía definitiva constituída polo contratista por importe de 8.001,99 €, segundo consta na carta de pagamento núm. 202100059679, de data 24 de marzo de 2021.*

*Igualmente, tamén procede a devolución da garantía definitiva constituída pola empresa Ingeniería y Prevención de Riesgos S.L. (CIF.- B-81470841) dentro do contrato derivado do “Acordo marco que rexe a prestación do Servizo de Seguridade e Saúde nas obras da Deputación de Pontevedra”, por importe de 59,75 €, segundo consta na carta de pagamento núm. 202100100495, de data 18 de maio de 2021 (...).”*

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- VOOMSL23BX7YHPTJ), no cal indica que existen na caixa da Deputación as constituicións por parte da entidade mercantil EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L., dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e no que igualmente informa favorablemente á devolución das mesmas.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “*Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución*”.

A Xunta de Goberno, en base aos informes favorables que constan no expediente e de conformidade co establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 2906 Os Valos-Guizán, dende o P.Q. 2+180 ata o P.Q. 2+920 (Redondela)*” (Expte. 2020037029), sen que existan obrigas pendentes.

Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas presentadas pola entidade mercantil EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PÉREZ PORTELA, S.L. (B-36.239.861), por resultar adxudicataria de dito contrato, que son as seguintes:

- o A constituída en valores, mediante aval de *ABANCA*, por importe de trece mil trescentos setenta euros con trinta e sete céntimos (13.370,37 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 22/01/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100013741.



- o A constituída en valores, mediante aval de *ABANCA*, por importe de mil setecentos corenta e dous euros con setenta e cinco céntimos (1.742,75 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 25/08/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 202100160709.

16.34454.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO NÚMERO 40/2024. (Expte. 2024079201)

A Técnica Adxunta a Xefatura de Servizo de Recursos Humanos e Formación, a través de escrito de data, 2 de decembro de 2024, pon de manifesto que é necesario incrementar a dotación orzamentaria nas aplicacións que se detallan a continuación, para afrontar o pago da nómina do mes de decembro do ano 2024, motivo polo que propón a tramitación, ao abeiro do establecido no artigo 179 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e bases de execución do vixente orzamento provincial, dun expediente de transferencia de crédito, por importe global de 205.030,00 €, co seguinte detalle en canto das aplicacións propostas para minorar e incrementan o seu crédito, así como o seu importe, e que son as seguintes:

Aplicación que minora crédito	Importe	Aplicación que incrementa crédito
24/232-2312-121,01	5.000,00 €	24/231-2311-121.52
24/232-2312-121,01	40.000,00 €	24/233-2310-121.51
24/232-2312-121,01	15.000,00 €	24/250-2315-120.04
24/931-9310-121,01	35.000,00 €	24/942-9420-121.52
24/232-2312-150,04	1.500,00 €	24/231-2311-150.04
24/232-2312-150,04	750,00 €	24/233-2310-150.04
24/232-2312-150,04	580,00 €	24/240-2410-150.04
24/232-2312-150,04	1.500,00 €	24/250-2315-150.04
24/232-2312-150,04	14.500,00 €	24/333-3330-150.04
24/920-9200-150.04	1.700,00 €	24/934-9340-150.04
24/920-9200-150.04	4.500,00 €	24/942-9420-150.04
24/232-2312-160,00	25.000,00 €	24/233-2310-160.01
24/240-2410-160,00	35.000,00 €	24/932-9320-160.01
24/920-9200-160,00	25.000,00 €	24/932-9320-160.01
TOTAL	205.030,00 €	



Resultando que a Intervención emite informe con data 2 de decembro de 2024, no que deixa constancia de que a proposta que efectúa a Técnica Adxunta a Xefatura de Servizo de Recursos Humanos e Formación para realizar este expediente de transferencia de crédito por importe global de 205.030,00 euros, cumpre os requisitos previstos na normativa aplicable, e dicir, as variacións de crédito propostas non afectan a créditos nados como consecuencia de ampliacións nin expedientes de crédito extraordinario concedidos durante o exercicio, e non se minoran créditos que fosen incrementados con suplementos, transferencias, ou incorporados como remanentes non comprometidos procedentes de orzamentos pechados, ou, de selo, afectan a créditos de persoal, aos programas de imprevistos e funcións non clasificadas ou veñen provocados por reorganizacións administrativas.

Resultando que pola Intervención comprobouse a existencia de crédito dentro das seguintes aplicacións orzamentarias que minoran o seu crédito polos seguintes importes:

Aplicacións que minoran crédito	Importe
24/232-2312-121.01	5.000,00 €
24/232-2312-121.01	40.000,00 €
24/232-2312-121.01	15.000,00 €
24/931-9310-121.01	35.000,00 €
24/232-2312-150.04	1.500,00 €
24/232-2312-150.04	750,00 €
24/232-2312-150.04	580,00 €
24/232-2312-150.04	1.500,00 €
24/232-2312-150.04	14.500,00 €
24/920-9200-150.04	1.700,00 €
24/920-9200-150.04	4.500,00 €
24/232-2312-160.00	25.000,00 €
24/240-2410-160.00	35.000,00 €
24/920-9200-160.00	25.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>205.030,00 €</b>

Considerando o establecido nos artigos 179.180 e concordantes do Real decreto lexislativo 2/2004. de 5 de marzo. polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (T.R.L.R.H.L.). así como nos artigos 40.41. 42 e concordantes do Real decreto 500/90 de 20 de abril e nas Bases nº 7 e 10 de execución do vixente orzamento provincial.

Considerando que o órgano competente para aprobar o expediente é a Xunta de Goberno por tratarse de transferencias de crédito de persoal xestionados por centros xestores distintos (Base 10ª apartado. 3.d).



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Aprobar o expediente de transferencia de crédito número 40/2024 por importe total de douscentos cinco mil trinta euros (205.030.00 €). minorando e aumentando o crédito nos importes e nas aplicacións orzamentarias que se detallan a continuación:

Aplicacións que minoran crédito	Importe
24/232-2312-121.01	5.000,00 €
24/232-2312-121.01	40.000,00 €
24/232-2312-121.01	15.000,00 €
24/931-9310-121.01	35.000,00 €
24/232-2312-150.04	1.500,00 €
24/232-2312-150.04	750,00 €
24/232-2312-150.04	580,00 €
24/232-2312-150.04	1.500,00 €
24/232-2312-150.04	14.500,00 €
24/920-9200-150.04	1.700,00 €
24/920-9200-150.04	4.500,00 €
24/232-2312-160.00	25.000,00 €
24/240-2410-160.00	35.000,00 €
24/920-9200-160.00	25.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>205.030,00 €</b>

Aplicacións que incrementan crédito	Importe
24/231-2311-121.52	5.000,00 €
24/233-2310-121.51	40.000,00 €
24/250-2315-120.04	15.000,00 €
24/942-9420-121.52	35.000,00 €
24/231-2311-150.04	1.500,00 €
24/233-2310-150.04	750,00 €
24/240-2410-150.04	580,00 €
24/250-2315-150.04	1.500,00 €
24/333-3330-150.04	14.500,00 €
24/934-9340-150.04	1.700,00 €
24/942-9420-150.04	4.500,00 €
24/233-2310-160.01	25.000,00 €
24/932-9320-160.01	35.000,00 €
24/932-9320-160.01	25.000,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>205.030,00 €</b>





17.34455.- DESESTIMACIÓN DE SOLICITUDE DE INDEMNIZACIÓN POR RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS EN VEHÍCULO NA E.P. 1304 NO CONCELLO DE BUEU. (Expte. 2023049571)

Dada conta que con data de rexistro 19/07/2023 (rex. núm. 2023015611) recibíuse nesta Deputación instancia en solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial subscrita por D. Guillermo Lariño Noya, en representación de Mapfre e de D. Jesús Alberto Soage Malvido, por danos en vehículo producidos a consecuencia da colisión contra unhas ramas dunha árbore que caeu sobre a calzada da estrada provincial E.P. 1304, no Concello de Bueu, o día 17/01/2023, e que foi cuantificada economicamente 1.112.63 €.

Resultando.- Que, xunto coa instancia, achegan informe estatístico do Destacamento de Vilaboa, no que se recolle que, antes da chegada da forza instrutora, unha patrulla da Policía Local de Bueu realizou fotografías da posición que ocupaba a árbore, polo que, con data 23/08/2023, e de conformidade co establecido no artigo 141.1. letra c), da Lei 40/2015, solicitáronse as mesmas, sendo remitidas as seguintes fotografías na data 04/09/2023:





Resultando.- Que con data 05/09/2023 e con fundamento nos artigos 79. 80 e 81.1 da Lei 39/2015. do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. e 172.2. último inciso. do R.d. 2568/86. polo que se aproba o Regulamento de Organización. Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. solicitouse informe ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación que o emitiu na data 06/11/2023. co seguinte contido literal e fotográfico:

*Primeiro.- A estrada EP 1304 pertence á rede provincial de estradas.*



*O accidente tivo lugar no punto quilométrico 2+400 desta estrada provincial.*





*Segundo.- Este servizo foi notificado ás 22.21 horas do 17 de xaneiro do ano 2023. por parte do 112-SOS GALICIA, da existencia dunha “árbore caída”. A brigada de conservación e mantemento responsable acude ao lugar para atender a incidencia (achégase o parte de vías e obras).*

Listados de Partes / Partes

#### Parte de Vías e Obras

Ano  Parte  Finalizado

#### Datos Rexistro

Data

Comunica

Incidencia

Concello  Estrada

Ubicación  K.M.

Brigada  Zona

#### Seguimento


				Horas	Minutos
Comunicado	<input type="text" value="17/01/2023"/>	<input type="text" value="22:20"/>	<input type="text" value="Pereira"/>	Horas Normal	<input type="text" value="0"/>
Finalizado	<input type="text" value="17/01/2023"/>	<input type="text" value="22:20"/>	<input type="text" value="Pereira"/>	Horas Extra	<input type="text" value="0"/>

CONTINUACIÓN DO 74


Notas



Terceiro.- O tramo de estrada está sinalizada en ambos sentidos por sinais verticais R-301 de limitación de velocidade a 30 quilómetros por hora no PQ 1+940 en sentido ascendente e no PQ 2+825 en sentido descendente:



PQ 1+940 (MD)



PQ 2+825 (ME)



*Cuarto.- A árbore foi retirada polo servizo de bombeiros que se desprazou ao lugar.*



*Posteriormente a brigada de conservación do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais encargouse da limpeza dos restos do accidente.*



*A árbore caída aparentemente estaba verde e san. tronçada polo tronco probablemente polo forte temporal acontecido nesa data.*



*Restos de tocóns na parcela*




*Restos da árbore retirada*



*Quinto.- Segundo o capataz responsable da conservación da estrada provincial. que acudiu a cubrir o incidente. o “tempo de resposta” da brigada responsable estímase en 45 minutos aproximadamente.*



*Sexto.- A citada árbore atopábase nunha propiedade privada. fóra da zona de dominio público da estrada provincial.*





*M.<sup>a</sup> Belén Pampín Camino*  
*Enxeñeiro*

---

Resultando.- Que con data 14/11/2023. solicitouse informe complementario ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación. acerca do nome e dirección postal do propietario da parcela na que se atopaba a arbore causante do accidente. remitindo certificación catastral na que consta como titular o Concello de Bueu.

Resultando.- Que con data 21/11/2023. e de conformidade co establecido no artigo 4.1 letra c) da Lei 39/2015 e 76.1 da mesma Lei. emprazouse como interesado no procedemento ó Concello de Bueu.


Resultando.- Que con data 21/11/2023. o citado Concello solicita copia do expediente administrativo. o cal foi remitido na data 22/11/2023. conferíndolle un novo prazo de dez días para realizar as alegacións que tiveran por convenientes.





